



**C.E.I.P. PLURILINGÜE DE
CASTRELO**

OUTUBRO 2020

FORMACIÓN A FAMILIAS



ÍNDICE

0. FORMACIÓN A FAMILIAS	2
1. COMO ATOPAR A WEB DO CENTRO?	2
2. ACCESO Á AULA VIRTUAL	5
3. MENSAXERÍA EN AULA VIRTUAL	8
4. ENTREGA DE TAREFAS	10
5. OUTROS ASPECTOS QUE NOS PODEREMOS ATOPAR NA AULA VIRTUAL	13



0. FORMACIÓN A FAMILIAS

Neste pequeno documento achegamos diferentes contidos que, no caso de ter que reenviar información ó centro, ter que consultar a web ou manter unha conversa co/a titor/a do/a seu/súa fillo/a a través de Aula Virtual, sexan útiles e doados de seguir e ser exitoso no seu procedemento.

Preparad@? Comezamos

1. COMO ATOPAR A WEB DO CENTRO?

En moitas das ocasións, a través dunha mensaxe Abalar dende o centro informamos da publicación de novidades que se atopan na web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/>) ou no blogue de Castrelix (<https://ceipdecastrelo.wordpress.com/>). No caso de non poder escribir a totalidade destas dirección, poderemos seguir os seguintes pasos para atopala.

1- Busca o navegador de Internet

a. Se queres acceder dende un ordenador: terás que clicar en algunha destas iconas:



b. Se estás nun móbil: podes ter algunha das anteriores iconas ou directamente unha barra similar a esta:




2- **Unha vez localizado o navegador ou esta barra de navegación, escribe Ceip de Castrelo.** Logo podes dar á tecla intro (a que está na foto



debaixo) ou darlle á lupa, palabra “ir” ou similar. Todas elas son o equivalente a buscar.



3- **Os resultados serán estes ou moi parecidos** (poden aparecer desordeados). Imos ó que ten a referencia de www.edu.xunta.gal



4- **Así xa chegaremos á web do cole.** Na parte central atoparemos as últimas publicacións. Nas marxes esquerda e dereita, hai diferentes seccións. Se queremos acceder a elas só teremos que clicar. **Dende a web tamén poderemos acceder á Aula Virtual e tamén ó blogue de Castréliz.**



Enlaces á Aula
Virtual e ó blogue

O Blog de Castrelix | Aula virtual | Galería de Fotos

Buscar neste sitio:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Plurilingüe de Castrelo

Portal de Educación | Espazo Abalar

O Blog de Castrelix | Aula virtual | Galería de Fotos

Buscar neste sitio:

O centro

- Dependencias
- Localización
- Organigrama
- Secretaría
- Documentos
- Contacto

Profesorado

- Formación
- Reunións

Programas

- Xogade
- Audiovisual nas aulas
- Escolas Viaxeiras
- Comenius
- 2009 Ano Cabanillas
- 2011 Ano Asorey

Plan Proxecta

Pais/Nais

- ANPA
- Actividades
- Novas

O Colexio no

Benvinda á nosa WEB

Enviado por admin o Ven, 11/02/2011 - 23:10

PROGRAMAS E PROXECTOS DO CENTRO

» [blogue de admin](#)

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 20-21

Enviado por admin o Ven, 09/10/2020 - 22:08

Documentos

Tralo Consello Escolar celebrado o pasado 6 de outubro de 2020, aprobouse a Programación Xeral Anual para o curso 2020-2021 así como a Addenda do Proxecto Lingüístico. Esta información pode ser consultada nos adxuntos a esta publicación.

» [blogue de admin](#) | [2 adxuntos](#)

CALENDARIO ESCOLAR CURSO 2020/2021 - DÍAS NON LECTIVOS

Enviado por admin o Mér, 07/10/2020 - 10:22

Secretaría

Informamos do Calendario Escolar do centro para este curso 2020/2021 trala aprobación do mesmo polo Consello Escolar. Reseñar que como días non lectivos fixéronse o 13 de outubro de 2020 e o 18 de maio de 2021.

A continuación detallase o calendario. Nel atópanse sombreados en gris todos os días nos que non hai clase (fin de semana e vacacións) e en rosa os días de entrega de boletíns.

Eventos

« Outubro 2020 »

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Actividades

- Escolares
 - Ed. Infantil
 - 1º Curso
 - 2º Curso
 - 3º Curso
 - 4º Curso
 - 5º Curso
 - 6º Curso
 - Ed. física
 - Inglés
 - Música
 - Relixión
 - Arts (Plástica en inglés)
- Complementarias

Equipos e Departamentos

- Complementarias e Extraescolares
- Coordinación pedagóxica
- E.D.I.G.
- Equipos de Ciclo
- Observatorio da Convivencia
- Orientación
- T.I.C.

SEPTENBRO 2020	NOVENBRO 2020	DICIEMBRE 2020
L M T X V S D	L M T X V S D	L M T X V S D
1 2 3 4 5 6 7	1 2 3 4 5 6 7	1 2 3 4 5 6 7
8 9 10 11 12 13 14	8 9 10 11 12 13 14	8 9 10 11 12 13 14
15 16 17 18 19 20 21	15 16 17 18 19 20 21	15 16 17 18 19 20 21
22 23 24 25 26 27 28	22 23 24 25 26 27 28	22 23 24 25 26 27 28
29 30	29 30	29 30 31


Zona central coas
publicacións e novidades

Bloques laterais para revisar contidos máis
concretos: ANPA, anteriores publicacións...




2. ACCESO Á AULA VIRTUAL

Xa temos localizada a Aula Virtual a través da web do centro. Outro xeito sería poñer no navegador Aula Virtual Ceip de Castrelo (no anterior punto simplemente buscamos a web; serían os mesmos pasos, só que escribindo na búsqueda que esta vez é Aula Virtual Ceip de Castrelo).




Cando accedamos este será a aparencia aproximadamente:





A maior parte da aula está aberta ó público e pódese visitar case a súa totalidade como convidado. **Sen embargo, o alumnado ten un usuario e unha contrasinal coa que poden acceder**, entregar tarefas e incluso poder ter á man actividades, informacións... rexistrinxidas a eles. **Imos ver como acceder:**

1.- Imos á marxe superior dereita e clicamos en "Acceder"



2.- Cubriranse os campos de Usuario, contrasinal para logo clicar en Acceder




Entramos cos nosos datos e a continuación na parte superior xa aparecerá o noso nome (o do/a alumno/a).



Xa estamos identificados e a nosa actividade quedará rexistrada na Aula Virtual.

Unha vez realizadas as tarefas, deberemos saír da nosa sesión. É ALGO IMPORTANTE. Para iso, imos á marxe superior dereita (onde está o noso nome). Alí desplegamos na frechiña pequena que ten ó lado dereito. Desprégase un menú. Para saír, só quedará clicar en “Saír”.



Así quedará pechada a nosa sesión.


Imos ver agora como empregar a Aula Virtual para consultas de dificultades coa Aula Virtual, dúbidas ao/á titor/a... Para iso, dentro dela hai unha ferramenta para envío de mensaxes. (en caso de confinamento, pode ser unha ferramenta moi interesante e que os/as nenos/as poderán empregar para facer as preguntas. Como se estivesen na clase coa man alzada!!!)




3. MENSAXERÍA EN AULA VIRTUAL

O primeiro que deberemos facer para enviar unha mensaxe é acceder á Aula Virtual e loguearnos co noso usuario e contrasinal (punto anterior).


Unha vez que xa estamos dentro, **ó lado esquerdo do noso nome, aparece unha burbulla de como as do cómic. Clicamos nela.**



Para comezar a escribir, pinchamos en **“Nova mensaxe”**




Agora deberemos buscar a quen lle queremos enviar a mensaxe. En “Busca un usuario ou curso”, podemos poñer o nome e/ou apelido da/o mestra/e. Imos buscar á mestra de 2º. Polo tanto, poñemos na busca “Carmen”. Clicamos no nome cando apareza na búsqueda.



Unha vez clicado, só queda escribir a mensaxe e enviar. Xa lle chegará a quen vaia destinado.



Como sei se me respondeu a/o profe? Pois, moi doado. Cando abra a miña sesión, xusto antes da icona das mensaxes, hai unha **campaiña**. Se ten un número e/ou está iluminada, é que temos un aviso de que temos unha mensaxe sen ler.





4. ENTREGA DE TAREFAS

Unha das funcionalidades da Aula Virtual é que podemos entregar tarefas dende ela ben sexan fotos, vídeos, documentos, a través de escribir directamente para responder. Xa que durante o confinamento vivido con anterioridade foi unha das que presentou maiores dúbidas, imos ver como se realiza unha entrega e a practicaremos.

Accedemos co noso usuario e contrasinal. Imos ó curso de 2º (ou no que teñamos rexistro). Buscamos o apartado de FORMACIÓN DE FAMILIAS. Alí atoparemos a actividade da entrega.

FORMACIÓN FAMILIAS



ENTREGA DA ENQUISA DE MEDIOS INFORMÁTICOS

Imos aproveitar a facer unha práctica cun documento que pode ser o máis complicado. Ben é verdade que seguramente será máis doado enviar unha foto ou un vídeo (se non pesa moito). Ánimo que veremos que é faciliño!!!

Unha vez teñamos o traballo gardado no noso equipo, ben sexa un ordenador, Tablet ou móbil, imos entregalo. Clicamos na tarefa (sempre son as que teñen unha icona cunha man que suxeita un folio). A seguinte pantalla será como esta:

ENTREGA DA ENQUISA DE MEDIOS INFORMÁTICOS

Imos aproveitar a facer unha práctica cun documento que pode ser o máis complicado. Ben é verdade que seguramente será máis doado enviar unha foto ou un vídeo (se non pesa moito). Ánimo que veremos que é faciliño!!!

Estado da entrega

Estado da entrega	Sen intentos
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Última modificación	-
Comentarios a entrega	Comentarios (0)

Engadir entrega

Facerlle cambios á súa entrega

Clicamos en “Engadir entrega”



A seguinte pantalla será xa a de realización da entrega.

ENTREGA DA ENQUISA DE MEDIOS INFORMÁTICOS

Imos aproveitar a facer unha práctica cun documento que pode ser o máis complicado. Ben é verdade que seguramente será máis doado enviar unha foto ou un vídeo (se non pesa moito). Ánimo que veremos que é faciliño!!!

Entregas de ficheiros

Tamaño máximo para os novos ficheiros: 100MB, número máximo de ficheiros anexos: 4

Ficheiros

Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

Gardar os cambios Cancelar

Chegados a este punto, **poderemos facela de dous modos diferentes: arrastrando o documento ou buscando o ficheiro.**

- 1- **Arrastrando o ficheiro:** picamos no documento (que está fora da Aula Virtual nun lugar do ordenador que deberemos coñecer) e, sen soltalo, levámolo cara a parte baixa da pantalla, onde se atopa a icona do navegador. Sen soltar todavía, deixamos que apareza a pantalla de entrega. Unha vez que xa se vexa, levamos o documento ata onde parpadea a frecha azul. Unha vez o teñamos alí, o soltamos e deixamos que cargue. Por último, click en “gardar os cambios”. Xa estaría a nosa tarefa entregada para cualificar.
- 2- **Buscando o ficheiro:** imos á icona dunha folla que aparece enriba da palabra ficheiros.

ENTREGA DA ENQUISA DE MEDIOS INFORMÁTICOS

Imos aproveitar a facer unha práctica cun documento que pode ser o máis complicado. Ben é verdade que seguramente será máis doado enviar unha foto ou un vídeo (se non pesa moito). Ánimo que veremos que é faciliño!!!

Entregas de ficheiros

Tamaño máximo para os novos ficheiros: 100MB, número máximo de ficheiros anexos: 4

Ficheiros

Engadir...

Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

Gardar os cambios Cancelar

Unha vez clicado, debemos “Seleccionar arquivos”



Selector de ficheiros

Ficheiros recentes

Enviar un ficheiro

Ficheiros privados

Anexo

Ningún arquivo seleccionado

Gardar como

Autor

MARIA LUISA RODRIGUEZ VELOSO

Escolla a licenza

Todos os dereitos reservados


Unha vez seleccionado (debemos buscalo nas carpetas que poidamos ter no ordenador, escritorio...), escollémolo. Cando volva a aparecer a anterior pantalla, pero co nome do arquivo ó lado do apartado Anexo, clicamos en Enviar este ficheiro. Por último, só quedará clicar en Gardar os cambios. Deste xeito, teremos a tarefa enviada.



5. OUTROS ASPECTOS QUE NOS PODEREMOS ATOPAR NA AULA VIRTUAL

Dentro da Aula Virtual, non só falaremos cos mestres nin enviaremos tarefas. Teremos a posibilidade de cubrir cuestionarios, tests, ver vídeos, enlaces a outras páxinas, actividades interactivas... **O máis importante é ler cada unha das indicacións de cada unha delas.** Normalmente, os/as mestres/as tentamos prever dificultades e nas nosas aclaracións de actividades, tarefas, vídeos... e escribir na explicación de cada recursos que hai que facer, para que serve...

A nivel xeral, tamén hai un apartado de Axudas á Aula Virtual con dúbidas que van xurdindo coa práctica do uso da mesma.



Agora mesmo o contido deste apartado é o seguinte:

AXUDAS PARA A AULA VIRTUAL

[Inicio](#) / [Cursos](#) / [NOTICIAS DA AULA VIRTUAL](#) / [AX_AV](#)

BREVES TITORIAIS DE USO


- [IDENTIFICARSE NA AULA VIRTUAL](#)
- [ENTREGA DE TAREFAS](#)
- [DÚBIDAS E PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES](#)
- [PROBLEMAS COA SUBIDA DE ARQUIVOS ÁS TAREFAS](#)

Poden ser por varios motivos:


- o máis probable é que pese demasiado. (tamaño máximo. 100 MB)
- non me deixa subir máis dun arquivo. Deberase a que o/a mestre/a só puxera na súa configuración a suba máxima dun arquivo. Ponte en contacto e se poderá modificar.



Na marxe superior esquerda, ó lado da imaxe da mascota do centro Castréliz, hai un pequeno recadro que contén tres raias horizontais. Trátase dun menú da páxina. Pódese ocultar e ver clicando nel.



Co menú desplegado



Co menú oculto